



# BOP

MÉRCORES, 5 DE FEBREIRO DE 2020

N.º 029

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

##### *Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria, celebrada o día 28 de xaneiro de 2020 a "Proposta de aprobación, se procede, de rectificación e complemento do Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas no parque do río Rato e de Paradai da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en cumprimento do previsto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expónse a información pública na Secretaría Xeral desta entidade, por un prazo de 30 días, dentro dos cales, poderase examinar o expediente e presentar as alegacións ou suxestións que estimen oportunas.

Lugo, 30 de xaneiro de 2020.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, o Deputado Delegado de Promoción Económica E Social, Pablo Rivera Capón, A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0221

### CONCELLOS

#### BÓVEDA

##### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía núm. 2020/26 de data 16/01/2020, aprobouse a contratación da praza de peón de servizos múltiples do concello de Bóveda ao abeiro do programa de Deputación provincial de Lugo "Depuemprego", en réxime de persoal laboral temporal e duración determinada, polo sistema de concurso-oposición.

Na sede electrónica <http://concellodeboveda.sedelectronica.es> e, no Taboleiro de Anuncios, aparecen integramente publicadas as bases que deben rexer a convocatoria para a contratación da praza.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

#### **BASES XERAIS DA CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE BÓVEDA**

##### **PRIMEIRO. NORMAS XERAIS**

O obxecto das presentes bases é a selección mediante concurso-oposición dunha praza de peón de servizos múltiples do concello de Bóveda ao abeiro do programa de Deputación provincial de Lugo "Depuemprego", en réxime de persoal laboral temporal e duración determinada.

A praza referida está adscrita ao servizo de mantemento de instalacións municipais, e as funcións que teñen encomendadas son as seguintes: reparacións na rede de abastecemento domiciliario de auga, sumidoiros, alumados públicos, edificios municipais e áreas recreativas, baixo a supervisión do Oficial encargado deses servizos.

Será de aplicación o convenio provincial de edificación e obras públicas de Lugo.

##### **SEGUNDO. DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN**

1º.- A contratación laboral terá o límite temporal do 30/09/2020 e en réxime de dedicación a tempo completo (37:30 horas semanais).

2º.- As retribucións integras mensuais serán as seguintes:

Salario Base: 900€

Pagas Extras: 2.376,84 €

Plus asistencia: 214,65

Plus extrasalarial: 96,28 €

Vacacións: 1.188,42€

### **TERCEIRO. NORMATIVA APLICABLE**

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública,
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño;
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia,
- Real Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia,
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia,
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarias da Administración Local;

Con Carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

### **CUARTO. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TRLEBEP:

- 1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- 2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.
- 3.- Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de Graduado Escolar ou equivalente.
- 4.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.
- 5.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 6.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 7.- Estar en posesión do carné de conducir B.
- 8.- Os candidatos deben estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.

### **QUINTO. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, conforme ao modelo oficial que figura como ANEXO I destas Bases..

Xunto coa solicitude débense achegar copias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación e os que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso de méritos. Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

1.-Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.

2.-Fotocopia do Título Graduado Escolar ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.

3.-Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Bóveda ou nos lugares habilitados aos efectos, acordo co previsto no artigo 16.4) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **15 días naturais** contados desde o seguinte ao da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dita convocatoria publicarase así mesmo no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es/>).

Aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas no Portal de Transparencia da Sede Electrónica do concello, no apartado "1. Institucional" - "1.7 Persoal" "1.7.2 Oferta de emprego público" 2019/690".

#### **SEXTO. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

1.- Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica do concello.

Contra esta relación os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros no prazo de dez día hábiles desde a súa publicación nos medios establecidos no parágrafo anterior. No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou de non haber ningún aspirante excluído, entenderase esta coma listaxe definitiva de aspirantes.

2.-No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica da Corporación.

#### **SÉTIMO. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal Cualificador do Proceso Selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLEBEP e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario ou persoal laboral que se designe pola Alcaldía-Presidencia, xunto co seu suplente.
- 3 vogais (funcionarios ou persoal laboral) designados pola Alcaldía-Presidencia xunto cos seus suplentes.
- Secretario: o da Corporación ou quen lle substitúa.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen os substitúa.

Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección.

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

#### **OITAVO. PROCESO SELECTIVO**

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas prácticas determinadas polo tribunal cualificador.

Os aspirantes teñen dereito a elixir libremente a lingua oficial da Comunidade Autónoma na que os desexan realizar, o que leva á súa vez o dereito a recibir na mesma lingua os enunciados dos exercicios, excepto no caso das probas que teñan que realizarse en galego para aqueles postos que requiran un especial coñecemento desa

lingua, todo iso, de conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

**CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E FAMILIARES: PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 PUNTOS.**

- Ser muller: 1 punto.

- Familia monoparental: 3 puntos

- Ter máis de 45 anos: 2 punto.

- Antigüidade como demandante de emprego inscrito na Oficina Pública de Emprego: 0,05 puntos por mes ata un máximo de 2 puntos.

- Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do/da solicitante, o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de 30 anos, ou persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: 2 puntos.

Os dous últimos criterios acreditaranse respectivamente mediante o certificado ou documentación acreditativa expedida pola oficina pública de emprego e o certificado do Padrón de habitantes do concello onde resida.

**VALORACIÓN DE MÉRITOS. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 PUNTOS.**

Méritos que se valorarán:

1.-**Experiencia profesional** en postos de traballo de peón. **Ata un máximo de 4 puntos.**

- Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de peón de servizos múltiples, mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de peón mediante relación laboral: 0,10 puntos.

Non se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

2.-**Cursos de formación** sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. **Ata un máximo de 6 puntos,** de acordo coa seguinte escala:

a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos

b) Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos

c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.

e) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,75 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

**SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 10 PUNTOS.**

A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón de servizos múltiples do concello de Bóveda.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

**NOVENO. RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN.**

A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón de servizos múltiples do concello de Bóveda.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

#### **DÉCIMO. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.**

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

Rematado o proceso selectivo a persoa que acade a maior puntuación será proposta polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello. Aos efectos terá un prazo máximo de 3 días naturais para presentar a seguinte documentación orixinal ou compulsada:

- DNI
- Título esixido na convocatoria
- Certificado médico que acredite a capacidade para o desenvolvemento das tarefas
- Certificado do número de conta bancaria

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.

#### **UNDÉCIMO. IMPUGNACIÓN**

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de edictos do Concello.

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO**

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Bóveda (Lugo)

**PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO****DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE:**

Nome \_\_\_\_\_, Apelidos \_\_\_\_\_,

D.N.I. \_\_\_\_\_, data de nacemento \_\_\_\_\_,

nacionalidade, \_\_\_\_\_, Enderezo a efectos de notificación:

\_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_, correo electrónico: \_\_\_\_\_

**EXPÓN:**

1º.-Que vista a convocatoria efectuada polo concello de Bóveda para a provisión con carácter temporal de dous postos de peón de servizos múltiples, en réxime de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, conforme as Bases publicadas no Portal de Transparencia da Sede Electrónica do concello de Bóveda, ao amparo do programa de FOMENTO DE EMPREGO, da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2º.-Que cree reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas na data de expiración do prazo de presentación da instancia.

3º.-Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria para a provisión das citadas prazas de peón.

4º.-Adxunto coa presente solicitude os seguintes documentos:

- . Fotocopia do D.N.I. ou documento equivalente en vigor.
- . Fotocopia compulsada da titulación esixida na convocatoria
- . Informe de vida laboral actualizada na data da solicitude.
- . Fotocopia do Carné de Conducir B
- . Experiencia profesional: (relación da documentación presentada):

-

--

-

. Formación, Relación da documentación que achega dos cursos:

-

--

. Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral. Relación de documentos que se achegan:

-

--

**SOLICITA:**

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

Bóveda a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

(sinatura do aspirante)»

**O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello [<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>].

Bóveda, 30 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, José M. Arias López.

R. 0222

## MEIRA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 30 de xaneiro de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **6º. bimestre do exercicio 2019**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 30 de xaneiro ao 30 de marzo de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 30 de xaneiro de 2020.- O alcalde accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 0223

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Faise público que por acordalo así por Resolución de Alcaldía de data 20.12.2019 (Expte nº661/2019) aprobouse inicialmente o Plan de actuación municipal fronte incendios municipais do Concello de Monterroso, o cal foi publicado no BOP de Lugo nº 298 de 30 de decembro de dous mil dezanove e se atopa para a súa consulta pública na seguinte dirección: <http://monterroso.sedelectronica.es/transparency>.

Contra dito acordo que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Monterroso, 30 de xaneiro de 2020.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas.

R. 0224

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

**DECRETO DO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DON PRIMITIVO IGLESIA SIERRA. //**

En A Pastoriza, a 28 de xaneiro de 2020.-

Delegación da Alcaldía no concelleiro don Constantino Fernández Leira.

Recibida comunicación do concello de Riotorto para tratar asuntos relativos ao Punto Limpo Serra de Meira e solicitude de Obradoiro Dual conxunto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar no concelleiro don Constantino Fernández Leira, a asistencia a reunión que se celebrará mañá día 29 de xaneiro, ás 11:30 solicitude do obradoiro dual conxunto e ás 13 horas Punto Limpo Serra de Meira.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Así o mandou o Sr. Alcalde – Presidente, do que eu, Secretaria do Concello da Pastoriza, certifico.

R. 0225

## RÁBADE

### *Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión de 29/01/2020 aprobou inicialmente o presuposto municipal, as bases de execución, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o exercicio 2020; por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Rábade, 29 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0226

## RIBADEO

### *Anuncio*

**Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa (TERRAZAS-BAR), para o exercicio 2020 e apertura do período de cobramento.**

Por Decreto desta Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2020, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa (TERRAZAS-BAR), para o exercicio de 2020, polo importe de dezanove mil setecentos vinte e dous euros (19.722,00 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 15 de febreiro de 2020 e o 15 de abril de 2020, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 29 de xaneiro de 2020.-O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0227



## O VALADOURO

### Anuncio

#### **BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 1 LIMPIADOR/A DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 – PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO.**

##### **PRIMEIRA — OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN**

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso, de 1 traballador/a para o servizo de limpeza de instalacións municipais para a realización de traballos relacionados co posto ao abeiro do Programa Fomento do Emprego.

Ao proceso selectivo para o acceso á praza convocada seralle de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables e así mesmo, o recollido nas Bases reguladoras do plan provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 da Excm. Deputación provincial de Lugo.

##### **SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO**

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

- Número e denominación dos postos: 1 limpador/a para o servizo de limpeza de instalacións municipais.
- Modalidade contractual: A modalidade de contrato de traballo temporal a tempo completo durante 6,5 meses, sendo en todo caso a data límite de finalización do contrato o 30 de setembro de 2020.
- Funcións: As propias do posto ofertado.
- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o Convenio Correspondente.

##### **TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse con posterioridade ata a contratación do aspirante seleccionado.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

- Certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.

**Será imprescindible que as persoas a contratar a través do Programa Fomento do Emprego 2019 produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50 % da xornada. Xustificarse coa aportación do informe de vida laboral actualizado.**

#### **CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **dez (10) días naturais** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

.- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

.- Informe de vida laboral actualizado.

.- Celga 2 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

.- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 17,5 meses nos últimos 23,5 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

#### **QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles que conterà:

-a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

-a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.

-a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de corrección, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

#### **SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación, funcionario ou persoal laboral. Con voz e voto.

Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

En ningún caso poderán formar parte do Tribunal funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

#### **SÉTIMA.—PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN**

O proceso de selección: Concurso.

O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

- Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 3,00 puntos**) Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.
  - a) Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
  - b) Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
  - c) Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
  - d) Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
  - e) Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
  - f) Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
  - g) Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.

- Experiencia profesional (**máximo 7,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.
- Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,20 Puntos.
- Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade Privada.....0,10 Puntos.

Realizarase un exame de galego coa cualificación de APTO OU NON APTO, a aqueles candidatos que non posúan o Celga 2.

O tribunal levará a cabo a proposta de selección a favor do ou da aspirante con maior puntuación e propondrá unha lista complementaria de reserva co resto de aspirantes que se presenten ao proceso selectivo.

#### **OITAVA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS**

No prazo de cinco días hábiles seguintes á data de publicación do resultado de selección, o aspirante proposto deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, presentando documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- b) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se o aspirante proposto tivese a condición de diversidade funcional acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da praza.

Se no prazo sinalado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á contratación, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

#### **NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende a data de notificación do acordo de selección. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

#### **DÉCIMA.- BOLSA DE EMPREGO.**

A lista complementaria de reserva prevista na base 7ª constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que algunha praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza ( referida exclusivamente a esta praza).

#### **UNDÉCIMA.—NORMAS FINAIS**

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

**ANEXO I (modelo de instancia)**

D./D.<sup>a</sup>....., con  
 DNI....., nado/-a .....(data nacemento), veciño/-a  
 de....., con enderezo a efectos de notificación  
 en.....  
 teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura dunha praza de (Sinale con un aspa a praza/s para a cal/es solicita a participación)

LIMPADOR/A

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro, ....., de ..... de 2020

(sinatura)

O Valadouro, 14 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0228

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

#### *Anuncio*

D<sup>a</sup> MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000652 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D JOSE MANUEL CEA VIÑA contra OTEGA INGENIERIA SL, ISEMPA S.L. , FOGASA , ISEMPA SOLAR SL sobre DESPIDO, se ha dictado se ha dictado sentencia, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“Que, estimando parcialmente la demanda formulada por **DON JOSÉ MANUEL CEA VIÑA** frente a **ISEMPA,S.L., OTEGA INGENIERIA S.L. e ISEMPA SOLAR S.L.**, declaro improcedente el despido del actor con efectos de fecha 23-07-2019, y condeno a la codemandada **ISEMPA, S.L.** a que, en el plazo de cinco días a contar desde la notificación de esta resolución, opte entre readmitir al demandante en su puesto de trabajo o indemnizarle por la extinción de la relación laboral con la cantidad de **32.968,16 euros**, sin salarios de tramitación, debiendo poner en conocimiento del Juzgado en el plazo antes dicho, si opta o no por la readmisión. En caso que se opte por la readmisión, el trabajador tendrá derecho a los salarios de tramitación en la cuantía de **62,80 euros**.- Asimismo, condeno a **ISEMPA, S.L.** a abonar a la actora la suma de 2.393,31 euros. A dicha suma será de aplicación un recargo por mora del 10% anual.-En consecuencia, absuelvo a las codemandadas **OTEGA INGENIERIA S.L., e ISEMPA SOLAR S.L.**, de las pretensiones deducidas contra ellas. Todo ello, sin perjuicio de la responsabilidad que al FONDO DE GARANTÍA SALARIAL corresponda asumir dentro de los límites legales.- Notifíquese esta sentencia a las partes y adviértase de que no es firme, ya que contra la misma cabe interponer recurso de SUPPLICACIÓN para ante la **SALA DE LO SOCIAL DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA**, debiendo en su caso, anunciar el propósito de hacerlo dentro de los cinco días siguientes a la notificación de la misma, por conducto de este Juzgado, bastando para ello la mera manifestación de la parte o de su abogado o representante al hacerle la notificación de la sentencia, de su propósito de entablar el recurso, pudiendo también anunciarse el recurso por comparecencia o por escrito de las partes o de su abogado o representante ante este Juzgado y en el indicado plazo. Si fuera la empresa demandada quien intentase interponer el recurso de **SUPPLICACIÓN**, deberá consignar el depósito de 300,00 euros, en la cuenta de depósitos y consignaciones de este Juzgado, debiendo la recurrente entregar en la Secretaria del Juzgado el correspondiente resguardo al tiempo de interponer el recurso de suplicación.-Así por esta mi Sentencia, de la que se unirá testimonio literal a los autos originales, lo pronuncio, mando y firmo.”

**Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a ISEMPA SL, OTEGA INGENIERIA SL, ISEMPA SOLAR SL**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veintitrés de enero de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0229